



2025/C006/000002

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE CESIÓN DE BEN INMOBLE NO LUGAR DE A PEDRA, NANTÓN.

1. ANTECEDENTES.

Mediante escritura con nº de protocolo 243 de 15/07/1980 outorgada ante o notario don Mariano -Jesús Mateo Martínez o concello de Cabana de Bergantiños adquire unha finca con superficie de dúas hectáreas dez áreas e seis centiáreas segundo consta no dito documento.

Lindes segundo escritura:

- Norte: Manuel Álvarez Cereijo, muro en medio, Consuelo Regueira Alvarez e Susana Lema Álvarez
- Sur: estrada do Estado que vai da Coruña a Fisterra, casa e terreo unido de José Lema Álvarez, casa e terreo unido de Carmen Trigo Álvarez, labradío de Mercedes Álvarez Mira, terreo de José Lema Álvarez e outros, e casa e alpendre de Ramón Antelo e outros.
- Leste: monte de Manuel Lema Pastoriza, actualmente monte aberto de veciños de Nantón
- Oeste: Mais de Manuel Alvarez Cereijo, actualmente monte de Mercedes Alvarez Mira, prado de Carmen Trigo Alvarez, Herederos de Amparo Alvarez Mira, monte de Susana Lema Alvarez e monte de Narcisa Alvarez Villar.

O 27/03/2000 o concello de Cabana en Pleno cede a Asociación Íntegro un terreo segregado da finca anterior de 5000m², no lugar de A Pedra, Nantón

Mediante documento con RE 202599900000988 de 12/11/2025, a Asociación Íntegro solicita a cesión dun terreo que linda ó norte Do anterior para o desenvolvemento da labor social propia da asociación.

2. SITUACIÓN ACTUAL.

O terreo obxecto de cesión foi adquirido mediante escritura nº de protocolo 243 de 15/07/1980 outorgada ante o notario don Mariano -Jesús Mateo Martínez

Descrición:

Finca 1: con superficie de 3.974m²

Clasificación do solo: Solo Rústico Común

Lindes:

Norte: Consuelo Regueira Álvarez

Sur: Finca 2

Leste: María Cristina Regueira Torres, e José Luis Pet Lema

Oeste: Basilio Lema Álvarez e Jesus Castro Moreira

Esta finca forma parte da finca con ref. Catastral:15014A050001480000AW

3. NATUREZA DO BEN INMOBLE.

Ben patrimonial.

No consta inscrición no Inventario.

Clasificación urbanística: solo rústico.



4. ENTIDADE CESIONARIA.

A Entidade que solicita a cesión denomínase “ Asociación Íntegro das persoas con diversidade funcional da Costa da Morte” con CIF G15173263 e con domicilio fiscal en Lugar de A Pedra, Nantón, nº 30, CP 15149 Cabana de Bergantiños.

A asociación é unha entidade sen ánimo de lucro e de utilidade pública que desde 1992 promove a inclusión social e laboral das persoas con diversidade funcional da Costa da Morte. A entidade está integrada na Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) e forma parte da Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica (COCEMFE).

5. USO DO BEN

A Asociación solicita o terreo para as actividades do propio centro. Indica o seguinte:

O fin desta cesión é o de poder mellorar a calidade de vida das persoas usuarias dos servizos de Centro de día e Centro Ocupacional Íntegro mentres aproveitamos o entorno natural para ofrecer actividades terapéuticas, educativas e produtivas que fomenten a autonomía a inclusión e o seu benestar.

Entre as áreas a traballar atópanse as seguintes:

- Mellora e ampliación da área de traballo dos invernadoiros
- Horto ecolóxico exterior
- Zona de compostaxe e reciclaxe orgánico
- Prantado e coidado de árbores frutais e transformación dos froitos

6. FINALIDADE: REPERCUSIÓN SOCIAL DA CESIÓN.

O Concello de Cabana de Bergantiños está interesado en fomentar a autonomía, aprendizaxe, integración e calidade de vida das persoas con diversidade funcional.

Trátase dun sector que debe ser obxecto de especial protección e o seu benestar redunda igualmente no benestar de familiares e titores, e no interese social desde municipio.

O obxectivo é proporcionar o terreo necesario para facilitar programas de servizos sociais que repercutan de xeito favorable en persoas con diversidade funcional e fomenten a súa integración e benestar na sociedade. Deste xeito incídese nun sector vulnerable, nas súas familias e na integración e vida de todos os cidadáns de Cabana de Bergantiños.

Por outra banda, a finca solicitada linda coa finca na que a asociación ten a súa instalación o que redunda en que sexa esta a idónea para proceder á cesión. Deste xeito os usuarios poderán desenvolver as actividades nun espazo único, maximizando o tempo das actividades e sen necesidade de desprazamentos.

Apréciase, por tanto, que a cesión da Finca 1 repercute favorablemente no conxunto de habitantes do termo municipal.

7. USO ACTUAL E PREVISIÓN DE USO.

Na actualidade o inmovible non está sendo utilizado por esta administración.

Non é previsible que vaia a necesitarse por esta administración, a lo menos, nos dez anos seguintes.



8. CONCLUSIÓN

Considerando o exposto parece legalmente admisible e perfectamente razoable, dadas as circunstancias concorrentes, a cesión do imble descrito como Finca 1 a ÍNTEGRO, dado que :

- os inmoles resultan necesarios para a realización dun fin de interese xeral de carácter social
- a entidade non ten ánimo de lucro e é de utilidade pública.

En Cabana de Bergatiños, na data de sinatura dixital.

O alcalde,